

Orde do día dos asuntos a tratar no Pleno ordinario que terá lugar o venres, 24 de novembro de 2023, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 14/2023, de 27 de outubro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de outubro de 2023 ata o 17 de novembro de 2023.
3. Aprobación da proposición da Presidencia sobre cambio da data da sesión ordinaria do duodécimo mes de 2023.
4. Aprobación da proposición da Presidencia sobre nomeamento de representante da Deputación en organismo externo.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a Programación de actividades do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX).
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) da Coruña para cofinanciar o Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2023.
7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Clúster do Audiovisual Galego para cofinanciar o Proxecto I+P INCUBA

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

8. Aprobación do proxecto de Terminación obra mellora da seguridade viaria na DP 4901 S.Ramón a Estrada As Somozas (PQ 1+000 AO PQ 1+780) (Moeche) e aprobación do encargo á Empresa de Transformación Agraria (TRAGSA), en calidade de medio propio personificado, da execución con carácter de urxencia, das obras incluídas no citado proxecto.
9. Aprobación do proxecto de obra DP 4803 Miño a Pontedeume por Perbes, reforzo do firme punto quilométrico 7+200 ao 10+350 (PONTEDEUME)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

10. Aprobación da adhesión da Deputación provincial da Coruña ao acordo marco da Axencia para a

Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) "AMT-2022-0093: Contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración dunha solución de protección antivirus"

11. Aprobación da modificación do prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR)

12. Aprobación da modificación da cláusula de financiamento do prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de SUBMINISTRACIÓN financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

13. Aprobación da Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña

14. Aprobación do seguimento das recomendacións do Consello de Contas derivadas do informe de fiscalización dos Plans provinciais lexislaturas 2003-2019 e dos compromisos desta deputación

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme dende o cruce de Ardilleiro Grande ao cruce de Ardilleiro Pequeno", do Concello de Boqueixón, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022.

16. Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

17. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2023 e proxección a 31/12/2023.

18. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2023.

19. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao terceiro trimestre de 2023.

20. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a outubro de 2023.

21. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 5/2023 de aprobación polo Pleno.

22. Aprobación da modificación da Base 53ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2023.

23. Dación de conta do proxecto de orzamento do Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2024.

24. Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2024 e das súas bases de execución.

25. Aprobación inicial do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama 2024.

26. Dación de conta da resolución de presidencia número 41.567/2023, relativa a persoal eventual.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

27. Aprobación da corrección do erro material no importe da prórroga do convenio co Concello de Boiro para o financiamento do proxecto "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns" aprobada mediante acordo plenario número 35 de 26 de maio de 2023.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

28. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Fundación Galicia América para cofinanciar o proxecto "Acondicionamento de sala destinada ao traballo co pensamento lóxico, programación e robótica do Instituto Arxentino -Galego Santiago Apóstol de Bos Aires (Arxentina)"

29. Aprobación da nova cota de socio adoptado pola Asemblea Xeral do 28 de outubro de 2021 do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e completar a cantidade correspondente á cota anual 2022

30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Hogar Español de Montevideo, da República Oriental de Uruguai para cofinanciar os Gastos de funcionamento do fogar de acollida no ano 2023

31. Aprobación da prórroga do prazo de execución, xustificación e vixencia do convenio administrativo de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para cofinanciar o proxecto "Posta en Valor do Patrimonio Natural da Serra do Careón".

32. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Concello de San Sadurniño para cofinanciar o proxecto "AMPLIACIÓN E MELLORA DO EQUIPAMENTO DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL A FUSQUENLLA", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023

33. Aprobación da subsanación de erro material no texto do acordo plenario de aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Ames para financiar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES"

34. Aprobación do Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña 2024-2027

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa aos ataques e actos vandálicos producidos contra as sedes do PSOE.

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións

Moción do Grupo Popular sobre o Plan Extraordinario de conservación da A-6 e a

reconstrucción dos viadutos

Moción do Grupo Popular sobre a defensa da Constitución Española, igualdade dos españois e respecto ao Estado de Dereito

Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego relativa ao 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

ROGOS E PREGUNTAS